



BASES QUE REXIRÁN A CONTRATACION LABORAL TEMPORAL DUN POSTO DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A A TEMPO PARCIAL, NO CONCELLO DE AS NEVES PARA O ANO 2016.

PRIMEIRA: OBXECTO DA CONVOCATORIA

As presentes bases regulan o procedemento selectivo para a contratación temporal dun posto de auxiliar administrativo/a (CNO 43091029), para realizar funcións propias do posto convocado nas oficinas centrais do concello ou outras dependencias municipais, cunhas retribucións coincidentes coa consignación orzamentaria municipal do vixente exercicio (partida 231.131), a xornada parcial de 30 horas semanais. A duración do contrato será dende o día da formalización do mesmo ata o día 31 de decembro, mediante un contrato laboral de carácter temporal, ó abeiro do artigo 15 do Estatuto dos Traballadores.

SEGUNDA: CONDICIONS DOS/AS ASPIRANTES

As persoas interesada en tomar parte nesta contratación, deberán reuni-los seguintes requisitos:

- a. Ter cumpridos os 16 anos de idade, e non excedan, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- b. Estar en posesión da titulación mínima de: Graduado en Educación Secundaria Obligatoria (ESO), FPI ou equivalente.
- c. Posuír capacidade funcional e non padecer enfermidade, nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións.
- d. Non estar separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera administración pública, nin atoparse inhabilitado por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.
- e. Para os nacionais doutros estados estarase ao disposto no artigo 57 do Estatuto Básico do Empregado Público; non obstante, se non é cidadán membro da Unión Europea, deberá, posuí-lo permiso de traballo necesario, dacordo co establecido na Lei Orgánica 4/2000, de 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social.
- g. Non atoparse incurso en ningunha das causas de incapacidade e incompatibilidade previstas na lexislación vixente.

TERCEIRA.- SISTEMA DE SELECCIÓN.

A selección dos aspirantes efectuarase previa realización de Oferta Xenérica ante a Oficina de Emprego de Ponteareas, e os/as candidatos/as presentaranse no Concello de As Neves, ó día que sexan convocados/as.

A Comisión de Valoración estará formada por:

- Presidenta: M^a Isabel Martín Alonso ou persoa que a substitúa.
- Vocais:

Ana M^a Cuesta Jorge ou persoa que a substitúa.



Ramona Giráldez Carballo ou persoa que a substitúa.

Esperanza Goyanes López ou persoa que a substitúa.

- Secretaria: Concepción Eulalia Solano De Eyto ou persoa que a substitúa.

A comisión de valoración procederá á selección dos/as candidatos/as con maior puntuación en méritos segundo baremo aplicado.

CUARTA.- CRITERIOS DE VALORACIÓN

A) Experiencia Laboral

- Por cada mes traballado ó servizo da Administración Pública, en funcións relacionadas co posto a desenvolver: 0,05 por mes traballado

- Por cada mes traballado en empresas privadas, en funcións relacionadas co posto a desenvolver : 0,03 puntos por mes traballado.

Non se computarán as fraccións de mes.

Puntuación máxima por experiencia laboral 2,00 puntos.

A experiencia acreditarase mediante a presentación dos correspondentes contratos de traballo, certificado de vida laboral, certificado de prestación de servizos, ou calquer documento no que este requisito se acredite debidamente.

B) Cursos relacionados co posto de traballo a desenvolver:

- Cursos, ata 20 horas: 0,05 por curso.
- Cursos de 21 horas a 50 horas de duración: 0,10 puntos por curso.
- Cursos de 51 a 100 horas de duración: 0,15 puntos por curso
- Cursos de 101 horas de duración en adiante: 0,20 puntos por curso
- Estar en Posesión do Título de Técnico Superior Rama Administrativa: 0,30 puntos
- Título de Diplomado Universitario: 0,40 puntos
- Título de Licenciado: 0,50 puntos

Non se computarán os cursos nos que non veña especificado o nº de horas nin a asistencia a xornadas.

Puntuación máxima por cursos: 1,50 puntos

C) Coñecemento da lingua galega:

- f) Por estar en posesión do título de Iniciación ou do Celga 2: 0,10 puntos
- g) Por estar en posesión do título de perfeccionamento ou Celga 3: 0,25 puntos
- h) Outra titulación superior: 0,50 puntos

Este mérito acreditarase mediante título ou certificado validado ou expedido pola Dirección Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia ou pola Escola Galega de Administración Pública ou por Centros Oficiais.

No caso de acreditar varios cursos terase en conta só o de maior puntuación.

D) Tódolos/as candidatos/as deberán realizar unha entrevista cos membros da Comisión de Valoración, na que se tratarán aspectos relacionados coas funcións a desenvolver polos/as candidatos, valorándose de 0 a 2 puntos.



Asemesmo, será de obrigado cumprimento para a valoración do proceso selectivos a realización da seguinte proba:

- Proba Práctica: Os/as candidatos/as deberán realizar unha proba práctica, a proposta da comisión de valoración a executar co ordenador, na que se comprobarán coñecementos e manexo de ferramentas informáticas: tratamento de textos, excel e coñecementos necesarios para o desenvolvemento do posto de traballo. Esta proba valorarase de 0 ata 5 puntos.

Tanto a entrevista de selección como as probas prácticas se realizarán o día que sexan convocados pola oficina de emprego, sendo a duración da proba 40 minutos.

Tódolos méritos deberán ser acreditados mediante documentos orixinais que serán compulsados no momento da contratación.

Valorados tódolos méritos alegados polos aspirantes que reúnan as condicións esixidas, a comisión de valoración formulará proposta a favor do/a candidato/a que obteñan a maior puntuación. O resto dos candidatos/as, por orden de puntuación formarán a lista de suplentes, para o caso de cobertura de baixas ou vacantes que se podan producir durante a duración do contrato.

No suposto de empate seleccionarase a persoa que teña máis antigüidade como demandante de emprego.

QUINTA .-Para o non previsto nestas Bases, rexerán como supletorias: a Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia; Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases de Réxime Local; Real Decreto 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local, e demais disposicións concordante en materia de persoal.

As Neves 2 de febreiro de 2016
O Alcalde-Presidente.

Asdo: Xosé Manuel Rodríguez Méndez